

Facultade de Filoloxía e Tradución Universidade de Vigo

**Acta de Xunta de Facultade ordinaria
14 de xaneiro de 2020**

Asistentes:

Equipo decanal

Alonso Bacigalupe, Luis, decano
Galanes Santos, Iolanda, secretaria
Vicedecanas/os
Anaya Revuelta, Inmaculada
Figueroa Dorrego, Jorge Juan
Seijas Montero María

Sector (A) Profesorado

Agustín Guijarro, Javier de
Álvarez Lugrís, Alberto
Báez Montero, Inmaculada C.
Baxter, Robert Neal
Becerra Suárez, M.^a del Carmen
Bueno Alonso, Jorge Luis
Cabeza Pereiro, M.^a del Carmen
Candelas Colodrón, Manuel A.
Chas Aguión, Antonio
Cortés Gabaudán, Helena
Corvo Sánchez, M.^a José
Cruces Colado, Susana
Domínguez Castro, Luís
Fariña Busto, M.^a Jesús
Fernández Ocampo, Anxo
Fernández Rodríguez, Áurea
Fernández Salgado, Xosé A.
García-Miguel Gallego, José M.^a
Garrido Rodrigues, Carlos
González Álvarez, M.^a Dolores
Ledo Lemos, Francisco José
Lorenzo García, M.^a Lourdes
Luna Alonso, Ana
Martínez Ínsua, Ana Elina
Mascuñán Tolón, Patricia Silvia
Miquel Vergés, Joan
Montero Domínguez, Xoán
Montero Reguera, José Francisco
Pereira Rodríguez, Ana M.^a
Pérez Guerra, Javier
Ramallo Fernández, Fernando
Ribao Pereira, Montserrat
Rifón Sánchez, Antonio
Rodríguez Guerra, Alexandre
Rodríguez Vázquez, Rosalía
Ruzicka Kenfel, Veljka
Salceda Rodríguez, Hermes
Sánchez Trigo, M.^a Elena
Seoane Posse, Elena C.
Soto Andión, Xosé
Veiga Díaz, M.^a Teresa

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Facultade de Filoxía e Tradución, do 14 de xaneiro de 2020, ás 11.30 h en primeira convocatoria, e ás 12 h en segunda convocatoria no salón de actos da FFT.

Ábrese a sesión ás 12.07 h.

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da actas da sesión anterior (19/12/2019).
2. Informe do decano.
3. Debate e toma de decisións sobre a mención de Máster de Excelencia da FFT.
4. Debate sobre a posible proposta de Graos Abertos na FFT.
5. Rolda aberta de intervencións.

DELIBERACIÓNS

1. **Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores (19/12/2019)**

Apróbase por asentimento a acta da sesión do 19/12/2019.

2. **Informe do decano**

O decano dálle a **benvida** aos novos membros da Xunta de Facultade tras as eleccións aos sectores B, C e D da Xunta de Facultade (novembro-décembro 2019).

O decano informa da **actualización da web da facultade**, así como do novo apartado de Eleccións (<Equipo decanal) onde se dá cumprida información do proceso de eleccións a decano/a da FFT en curso.

Elección a coordinador/a de **Grao de Linguas Estranxeiras**. O decano informa de que non houbo candidaturas no prazo aberto para a elección deste cargo (finalizado o 9 de decembro de 2020). Dada a situación, a ambigüidade da normativa e tras a consulta na Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado informa de que cómpre artellar un sistema de elección. O profesor Luis Domínguez indícalle que é responsabilidade do decano evitar baleiros de poder. Por iso, se fose preciso, habería que designar quen ocupe o posto.

Yáñez Bouza, Nuria
Yuste Frías, José

Sector (B) Profesorado

López González, Rebeca Cristina
Romero Fresco, Pablo
Tizón Couto, David

Sector (C) Alumnado

Bello Davila, Cristina
Cabanelas Freijeiro, Sabela Celia
Carrillo Rodríguez, Lara
Gómez Carrera, Francisco Jesús
López Morillo, Pedro Luis

Sector (D) PAS

López González, Rosa María
Nogueiras Justo, Francisco Manuel
Otero Rey, María Belén

Desculpas e ausencias xustificadas

Alonso Alonso, Rosa
Bará Louro, María
Bermúdez Montes, M^a Teresa
Bringas López, Ana
Baltrusch, Burghard
Cuevas Alonso, Miguel
Dasilva Fernández, Xosé Manuel
Del Pozo Triviño, M^a Isabel
Díaz Fouces, Óscar
Fernández Álvarez, M. Santiago
García González, Marta
Iglesias van der Woude, Miguel
Lorenzo Suárez, Anxo Manuel
Luna Sellès, Carmen
Martín Lucas, Belén
Montero Küpper, Silvia
Quilis Sanz, M^a José
Paradelo Veiga, Marinha
Pereira Romasanta, Raquel
Pérez Álvarez, Raúl Manuel
Rama Martínez, M^a Esperanza
Ribas Giadás, Adriana
Ripoll Delebourse, Virginia
Rodríguez Barcia, Susana
Rodríguez Rodríguez, Beatriz
Suárez Briones, Beatriz
Sueiro Justel, Joaquín
Valado Fernández, Liliana
Villaverde Rios, Aicha
Zeis Garrido, Alba

Ausencias sen xustificar

Angueira Viturro, Anxo
Arias Freixedo, Xosé Bieito
Caneda Cabrera, M^a Teresa
Costas González, Xosé Henrique
Custodio Fabre, Iria

Calendario TFG e TFM, na anterior Xunta pedírase que na elaboración dos calendarios se ampliásemos as datas de defensa e que tamén se adiase a entrega do traballo o máis posible para que o alumnado contase con máis días para entregar os exemplares preceptivos no Negociado de Asuntos Xerais para a súa defensa. Dado que a FFT aprobou un calendario común para todos os graos, mesmo con sistemas de avaliación distintos (unipersoal e colexiado), só se puido atender o primeiro dos pedimentos. Os calendarios figuran xa na páxina web da FFT.

Mestrado en ELE. O decano informa de que o 26/12/2019 recibiu un correo electrónico da decana da Facultade de Filoxía da Universidade de Santiago de Compostela no que o informa de que a a devandita universidade (USC) non se sumará á proposta de mestrado de ELE interuniversitaria (SUG) en curso. O decano da FFT solicitoulle esclarecemento para verificar se se trata dunha decisión definitiva. A decana respondeulle que esa é a decisión da reunión intercentros (Facultade de Filoxía de Santiago e Facultade de Humanidades de Lugo) anterior á súa ratificación en senllas xuntas de centro das facultades citadas.

Convocatoria de sexenios. O decano informa de que está aberta a convocatoria anual para que o profesorado contratado doutor solicite o recoñecemento dun tramo de investigación (sexenio).

Reunión da Comisión de reforma do Grao CLEL

O decano informa de que a Comisión segue traballando semanalmente na definición de contidos do novo grao.

Horarios cafetería

Mantense o peche cedo (18.15h) da cafetería no seu horario de tarde até o 28 de xaneiro, data na que comezan as aulas.

3. Debate e toma de decisións sobre a mención de Máster de Excelencia da FFT

O decano informa de que houbo dúas solicitudes á Mención do excelencia en máster e son 2 precisamente as mencións que cómpre aprobar en Xunta de Facultade, polo que propón que se aproben por asentimento.

Acórdase aprobar por asentimento as candidaturas do Máster de Tradución para a Comunicación Internacional e do Máster de Tradución Multimedia á mención de Máster de Excelencia.

4. Debate sobre a posible proposta de Graos Abertos na FFT

O decano informa de que antes do 31 de xaneiro de 2020 hai que facer a Declaración de interese para a proposta dun grao aberto na FFT, en caso de que esta decida adherirse ao proxecto piloto de implantación destes novos graos.

Freire Armada, Vanesa
Gamallo Valladares, Andrea
Gómez Clemente, Xosé M^a
Gómez Guinovart, Fco. Xavier
González Maestro, Jesús
Llantada Díaz, M.^aFrancisca
Míguez Bóveda, Carla
Morales Nico, Gelsys de la Caridad
Navaza Blanco, Gonzalo
Parada Diéguez, Arturo
Peres Rodríguez, José Henrique
Pérez Rodríguez, M^a Rosa
Rodríguez Yáñez, Xoán Paulo
Rubio Llarás, María
Solla González, Amparo
Urdiales Shaw, Martín
Vázquez Alonso, Aroa
Veiga López, Daniel

A partir da información dispoñible, que se distribuíu en versión electrónica entre os membros da Xunta, o decano preparou unha simulación dos créditos das actuais titulacións que poderían partillarse nun posible grao aberto. Neste novo grao habería que ofertar 120 créditos comúns dos tres primeiros cursos para que o alumnado puidese escoller 90 créditos.

Ábrese o debate que versa sobre os seguintes asuntos:

- A notoria falta de información sobre o particular
- O carácter intercambiable dos títulos
- A necesidade de limitar a escolla do alumnado para evitar duplicidades, como por ex. cursar unha lingua estranxeira dun e doutro título simultaneamente.
- A necesidade de definir a equivalencia entre materias de xeito que se manteñan as cualificacións na validación. Co sistema actual a validación automática só atinxe aos 36 créditos comúns de materias de grao do mesmo ramo e non aos 60 dun grao aberto.
- A posible definición de *numerus clausus*, para limitar a escolla determinada só dun ou outro título, para evitar que se use a modalidade de grao aberto como porta de entrada nas titulacións máis demandadas cunha nota diferente.
- A situación de incerteza do Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios á hora de se sumar a un grao aberto.

O decano indica que na súa opinión se afortalaría o título de galego e español por ser un dos integrantes do grao aberto e podería aumentar a optatividade na escolla do alumnado. A permeabilidade axudaría, ao seu ver, a reforzar opcións lingüísticas de menor demanda. Ao mesmo tempo e por implicar esta iniciativa unha optimización de recursos, poderíase pensar en ampliar o abano de optativas e máis o número de grupos das materias que se ofertan na FFT. Indica, así mesmo, que o equipo rectoral é proclive a que o centro se sume a esta iniciativa.

Varios membros da Xunta de Facultade expoñen a súa opinión e dubidan de que os graos abertos sexan unha solución ao problema a baixada do número de matrícula nos últimos anos.

Témese que esta iniciativa acabe por restarlle alumnado aos graos en perigo, no canto de captar novo alumnado para todos os títulos de grao da FFT. O profesor Pérez Guerra propón que se realice unha enquisa entre o alumnado de primeiro de todos os títulos sobre a súa posible intención de cambio de grao se fose posible.

O alumno Pedro Luis López indica que o prestixio dalgunhas titulacións vén determinada pola elevada nota de corte dalgunos títulos.

O decano indica que a decisión de sumarse ou non ao proxecto piloto de grao aberto da FFT se tomará nunha próxima sesión ordinaria da Xunta de Facultade, que terá lugar a finais do mes de xaneiro.

5. Rolda aberta de intervencións

O profesor José Montero indica que un dos premios da cultura galega foi para o antigo profesor da FFT, don Xesús Alonso Montero, e suxire que se lle envíe unha felicitación desde o Decanato, ao que os membros da Xunta asinten sen excepción.

ACORDOS:

- Apróbanse por asentimento a **acta** da sesión do 19/12/2019.
- Apróbanse por asentimento as **candidaturas** do Máster de Tradución para a Comunicación Internacional e do Máster de Tradución Multimedia á mención de Máster de Excelencia.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13.24 horas.

Vigo, 14 de xaneiro de 2020

Visto e prace do decano

A secretaria

Luis Alonso Bacigalupe

Iolanda Galanes Santos

segundo o disposto polos artigos 6 e 7 do *Regulamento Interno da FFT*, art. 43 dos *Estatutos da Universidade de Vigo* e art. 16 da *Lei 40/2015 do réxime xurídico do sector público*.

DILIXENCIA para facer constar que esta acta foi aprobada, sen alegacións, na sesión ordinaria da Xunta de Facultade do 29 de xaneiro de 2020

A Secretaria da Facultade

Iolanda Galanes Santos